

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Nomeamento funcionaria de carreira. Área Urbanismo. Tania Fuentes Vieites

EXPEDIENTE: 2026/G003/000553

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 1151/2025, de 24 de setembro, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a cobertura dunha praza de administrativa/o, funcionaria/o de carreira, da Área de Urbanismo, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2025.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 16 de abril de 2026, pola que se propón o nomeamento da aspirante Tania Fuentes Vieites, por ser a persoa que superou o proceso selectivo.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 491/2026, de 23 de abril de 2026, que lle requiriu á candidata proposta a documentación establecida nas bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Tania Fuentes Vieites o día 29 de abril de 2026, con Rexistro de Entrada nº 202699900001406.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como funcionaria de carreira a Tania Fuentes Vieites, con DNI nº ***4867**, para a cobertura dunha (1) praza de administrativa, grupo C1, adscrita á Área de Urbanismo.

Segundo.- Notificar a presente resolución á aspirante nomeada, comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Intervención e Tesouraría Municipais, ao Departamento de Urbanismo e ao Departamento de Recursos Humanos.

Cuarto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal> , no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz